

Como ben sabedes, estamos a ter problemas co aplicativo informático utilizado para retribucións de PACs, xa que non respeta os dereitos dos traballadores no referente a desfrute de permisos oficiais e ITs. Como resultado deste aplicativo, a administración está impondo xornada obrigatoria ós traballadores.

CIG-SAÚDE denunciou en reiteradas ocasións os problemas do programa, tanto nas xerencias coma a nivel central. O aplicativo do que falamos é para retribucións, non para cómputo de xornada. Por todo isto, queremos o voso APOIO nas seguintes accións:

1. Solicitude, por escrito, do cómputo de xornada correspondente ó ano 2009 (a chamada "ficha" de presencias e ausencias, e non os cómputos do aplicativo informático) como RECLAMACIÓN PREVIA á vía contencioso-administrativa. Podedes achegarvos polos locais sindicais para recoller o modelo de solicitude.

2. Elaboración das carteleiras de quendas de traballo para o 2010 dos Puntos de Atención Continuada coas seguintes características:

- que as carteleiras anuais conteñan a xornada ordinaria de todas e todos os traballadores de forma diferenciada da xornada voluntaria.

- a xornada ordinaria para 2010 é de 1430h efectivas en 11 meses, é dicir, as horas brutas a recoller na carteleira son 1623h, o que permitirá o desfrute de 63 horas de LDs e 1 mes de vacacións (todo isto nos PACs que non se lles aplica a extensión da xornada complementaria obrigatoria ata 1570 horas)

- que as carteleiras coa xornada ordinaria asignada teñan carácter anual e os selos e firmas pertinentes das xerencias para a súa oficialidade.

A existencia dunhas carteleiras 2010 coa xornada ordinaria diferenciada da voluntaria, permitiría solicitar o desfrute do exceso de xornada ordinaria (si é o caso) e o pago diferenciado, mes a mes, das horas voluntarias efectivamente realizadas.

A importancia de todo o anterior ven dada pola necesidade de non seguir dándolle armas á administración para aplicar un programa informático que non respeta o acordo de PACs de 2008, xa que liquida xornada ordinaria por exceso (a chamada xornada complementaria) e así dificulta o desfrute de LDs e do exceso de xornada xerado no ano.

BASTA XA DE EXCUSAS PARA SEGUIR INCUMPRINDO OS ACORDOS, ANULANDO OS DEREITOS DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES.